



Na reunión do Comité Intercentros (CI) celebrada en Ourense o día 9 de novembro de 2004 acordouse, entre outros asuntos, participar na selección do Programa Labora do ano 2004. Está decisión, que o CI tomou en cumprimento das súas obrigas e para garantir unha selección obxectiva, precisa non obstante, dalgunhas consideracións:

A intención do programa labora e a formación durante 12 meses (improrrogables) de mozas e mozos desempregados que carezan de experiencia laboral, de xeito que estes poidan adquirir a práctica que lles falta, mediante unha prestación laboral efectiva, e poidan posteriormente integrarse de forma definitiva ao mercado do traballo. A condición *sine qua non* de inexperiencia laboral obriga a que este persoal ocupen posto nos que se lle garanta o obxectivo da formación e que polo tanto deben de estar exentos de responsabilidade sobre outros traballadores ou servizos. Esta premisa que parece lóxica non sempre se cumpliu dentro da Universidade de Vigo e, moitas veces, o fin destes contratos parecen máis destinados a cubrir necesidades inherentes á institución que a completar os obxectivos do programa subvencionado pola Consellería de AA. SS. e RR. LL.

A colaboración da Universidade de Vigo con este programa vende desde o ano 2002 e a que se vai a poñer en marcha este ano é a terceira promoción consecutiva. Se facemos unha lectura atenta aos servizos ou áreas que solicitan estes traballadores observamos que algúns deles é a terceira vez que solicitan persoal ao programa Labora. A modo de exemplo temos a OMA (Oficina de Medio Ambiente) que no ano 2002 solicitou nove persoas, no 2003 solicitou catro e no deseño ano, solicita de novo catro; ou o Gabinete de Prensa que no ano 2002 solicitou cinco persoas, no 2003 volveu a solicitar tres, e no ano en curso solicita outra vez tres; ou a Oficina de Calidade que no ano 2002 pediu cinco traballadores/as, no ano 2003 volveu a pedir seis e no que nos ocupa pide outros seis. Sen esquecernos da OFOE (Oficina de Orientación ao Emprego) que aparece no mesmo paquete malia que na actualidade depende por decisión política da FUVI (Fundación Universidade de Vigo) -é dicir xuridicamente esta oficina está nunha empresa distinta a Universidade de Vigo- ; pois ben, dita

oficina, solicitou no ano 2002 sete traballadores, no 2003 cinco e no deseño ano, pide de novo seleccionar outros dous traballadores.

O Pleno do CI participa no seu conxunto da convicción de que este ano é necesario pechar un ciclo e sabedores das necesidades estructurais que ten esta empresa consideramos que é preciso, cando menos, negociar a incorporación dos servizos citados á RPT do persoal laboral.

No CI tamén estamos convencido de que se a universidade quere conseguir os seus obxectivos académicos, científicos e de xestión e, ao mesmo tempo, acreditarse coma unha institución de calidade, ten que dotarse da estructura necesaria para logralo e non pode permitir que servizos clave para acadar esta meta se estean cubrindo con persoal financiado por outra administración e que veñen á Universidade de Vigo a participar nun programa cuxo obxectivo fundamental é a formación.

O Pleno solicita, así mesmo, negociar canto antes un acordo para recoñecerlle a este persoal,e aos colectivos que están en situación similar, parte dos dereitos recollidos no vixente Convenio Colectivo e en especial aqueles que producen agravios comparativos e non teñen costo económico para Universidade.

Vigo 22 de novembro de 2004

O Secretario do Comité Intercentros

Manuel Velasco Graña

**SR. XERENTE DA UNIVERSIDADE DE VIGO
SR. XEFE DO SERVIZO DE RR. HH. DA UNIVERSIDADE DE VIGO**